

NOTA DE PRENSA

III DÍA GALEGO DO EMPRENDEDOR

O conselleiro de Economía, Fernández Antonio, salienta o papel da muller como emprendedora e anima aos mozos a asumir riscos a partir dunha actitude de confianza e inconformismo

O encontro reuniu en Santiago a 2.000 empresarios, emprendedores, técnicos de emprego e estudantes procedentes de toda Galicia

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2008 (Vía Láctea Comunicación).- Esta mañá celebrouse a terceira edición do Día Galego do Emprendedor, que reuniu no Palacio de Congresos de Santiago a 2.000 empresarios, emprendedores, técnicos de emprego e estudantes procedentes de toda Galicia. A iniciativa, impulsada polo **Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé)** e **BIC Galicia**, da Consellería de Economía e Facenda, forma parte da campaña nacional “Emprendemos Juntos” do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Baixo o lema “A túa idea, a túa empresa”, a xornada desenvolveuse coa pretensión de promover e alimentar o espírito emprendedor entre os asistentes. Durante o encontro ofrecéronse as claves para emprender en Galicia nun marco de innovación e competitividade. Ademais, entre os máis novos transmitiuse a idea de que levar a cabo unha iniciativa propia, a través da creación dunha nova empresa, é un reto persoal estimulante e unha oportunidade de emprego.

Fernández Antonio salientou o papel da Administración no apoio aos emprendedores en formación, asesoramento e financiamento co obxectivo de transformar as ideas en proxectos viables

O fomento da cultura emprendedora e o apoio á posta en marcha de novas iniciativas empresariais é unha das prioridades do Goberno galego, segundo explicou hoxe o conselleiro de Economía e Facenda, **José Ramón Fernández Antonio**, quen destacou o crecente papel da muller no emprendemento. O conselleiro presidiu a sesión plenaria do Día Galego do Emprendedor, onde salientou a importancia de que os mozos teñan unha actitude inconformista, de ter unha posición crítica de mellora e innovación, e asuman riscos a partir da confianza neles mesmos e no futuro. “Trátase de elementos fundamentais na creación de valor e de riqueza para o noso país”, resumiu. **Fernández Antonio** tamén subliñou a importancia que están a ter as mulleres no emprendemento, no estudo, na formación e na creatividade, e animou a seguir nesa liña cunha mentalidade global e con esforzo e espírito de logro.

O conselleiro lembrou que BIC Galicia facilita formación dende a escola ata a universidade e que Xesgalicia impulsa os fondos de capital risco Emprende, Semente e Unibiofocus

Dende a Administración, pola súa banda, xógase o papel de facilitador de servizos e axudas para acompañar aos emprendedores no proceso de impulsar novos proxectos. Neste sentido, o conselleiro e presidente do Igape lembrou os instrumentos de que dispón a Consellería de Economía e Facenda neste ámbito.

A través de BIC Galicia facilítase formación e asesoramento especializado que é moi importante para promover o espírito emprendedor dende a escola ata a universidades e para axudar á transformación das ideas en plans concretos. A través de Xesgalicia, explicou **Fernández Antonio**, facilítase o apoio financeiro co obxectivo de “ser os vosos socios nas fases iniciais dos proxectos”. A xestora de fondos de capital risco dispón do Fondo Emprende e puxo en marcha os Fondos Semente, o Capacita -orientado a proxectos promovidos por persoas con discapacidade- e ademais participa en I+D Unifondo -en colaboración coa Universidade de Santiago- e en Unibiofocus -orientado a compañías en fase de arranque ou expansión dedicadas ao ámbito da biotecnoloxía-.

Fernández Antonio destacou o apoio do Igape mediante préstamos e avais co obxectivo de que todos os proxectos viables teñan financiamento

En canto aos apoios financeiros, **Fernández Antonio** aludiu ás liñas de préstamos e avais do Igape. Os préstamos Igape -dotados con 40 millóns de euros este ano- contan con tres liñas: a de microcréditos, a liña Peme Xove e a liña Peme Competitiva. Igualmente, o Igape asinou un convenio co Instituto de Crédito Oficial (ICO) nas catro liñas de que dispón este organismo, entre as que se inclúe unha liña específica para emprendedores con préstamos de entre 25.000 e 200.000 euros. “Todos os proxectos viables contarán con financiamento en Galicia”, asegurou o conselleiro. “Son as vosas ideas, proxectos e empresas as que se teñen que converter nunha fonte de riqueza, de emprego e de crecemento para Galicia, e as que nos permitirán seguir creando país”, concluíu.

Os expertos demostraron que se pode crear una empresa tamén en tempos de crise e con tan só 10.000 euros

Na xornada participou **Guillem Perdrix**, experto en creación de empresas, profesor da Universidade Politécnica de Cataluña e consultor homologado pola Generalitat. Durante a súa intervención tratou de demostrar que na actualidade tamén “se puede crear una empresa con una inversión pequeña, con tan sólo 10.000 euros, aunque depende de la ambición de la idea”. Asegura que “no se necesita mucho dinero para montar un negocio propio, sólo hace falta una buena idea, buenas capacidades y tener un perfil emprendedor”.

Guillem Perdrix puxo de manifesto que, “tanto si tienes una idea propia como si no dispones de ella, por ejemplo a través de una franquicia, lo importante es la capacidad de gestionar”. Nesta liña, declarou que “con una inversión mínima se pueden crear microempresas con garantías de éxito, aunque conviene tener en cuenta que el mercado también es selectivo, no puede entrar cualquiera, sólo aquello que se demande en cada momento”.

O experto catalán afirmou que, á hora de crear unha empresa, “muchacha gente se frena porque no sabe de dónde sacar el dinero para su proyecto, pero yo soy de la opinión de que la puesta en marcha de un negocio no debe basarse en las posibles ayudas que se puedan recibir. Recomendamos que el proceso de búsqueda de financiación sea anterior a la puesta en marcha de la empresa. Para ello están los planes de empresa, que permiten conocer con anterioridad las necesidades que va a tener el emprendedor para dar forma a su idea”.

Os expertos aseguran que na actualidade só os mellores consiguen convertir una idea nun proxecto empresarial de éxito

“Desde el punto de vista económico no estamos en una época de bonanza pero tampoco estamos tan mal como se nos quiere hacer ver. Lo que es importante es que en épocas como la actual, en las que el mercado está turbulento, conviene precisar mucho más la entrada en el mundo empresarial, puesto que en época de bonanza todo vale y en tiempos de crisis el mercado es muy selectivo, se selecciona sólo a los mejores” -indicou **Perdrix**-.

O experto declarou que “en estos momentos, a los emprendedores que quieran lanzarse a la creación de una empresa les pediría que se formularan dos preguntas. Por un lado, si en el sector en el que quieren entrar queda potencial de beneficio y, por otro lado, si se encuentran en una posición competitiva dentro del sector. Si se cumplen estos dos requisitos, adelante, sino es imposible”.